

## HOMENAXE: A ESCRITORA NA SÚA TERRA DA CORUÑA ESTE 29 DE XUÑO

Aínda nada en Culleredo, nunha aldea desaparecida pola ampliación do aeroporto de Alvedro –este suceso é o corazón de *Tempo fósil*–, Pallarés vive na Coruña hai décadas. Por iso a AELG escolleu a cidade como epicentro da homenaxe A Escritora na súa Terra, que decorrerá o sábado 29 de xuño. No xardín do Centro Ágora comezarán os actos ás once e media da mañá con intervencións da alcaldesa Inés Rey, do presidente da AELG Cesáreo Sánchez Iglesias e da propia poeta. Descubrirase un monólito e plantarase un carballo. Xa no interior do Ágora, a tamén poeta Eva Veiga lerá a *laudatio* da homenaxeada, que responderá á mesma. Recibirá unha escultura de Soledad Peralta. A xornada rematará cun xantar.

**“U**n espasmo de luz incendia o bosque”, remata o primeiro poema de *Leopardo son* (Espiral Maior, 2011). Espasmos de luz no corazón do bosque da poesía galega contemporánea, eis unha definición posíbel da obra de Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), cuxos cinco libros delimitan un singular e celebrado territorio lírico. Intimismo radical, desposesión, arrasamento, o que o profesor Arturo Casas denomina, con eco a Deleuze, devir animal. A súa escrita é unha indagación brutal no eu e no desexo, na destrucción e na intensidade, que comeza na década dos 80 e agora homenaxean as súas colegas

**“É A VOZ MENOS  
COMPRACENTE DA SÚA  
XERACIÓN”, DI O EDITOR  
ANTÓN LOPO, “OS SEUS LIBROS  
SON LUZADAS INTENSAS”**

da Asociación de Escritoras en Lingua Galega.

“Na xeración dos 80 non hai moitas voces femininas”, describe a crítica Teresa Seara para este semanario, “a súa vivencia tan radical do intimismo distinguea.”


Os homes escriben sobre o erotismo, pero dun xeito completamente diferente”. Ningún como *Livro das devoracións* (Espiral Maior, 1999), desde logo, peza maior do seu traballo e páxinas de enorme potencia imaxinista:

“a beleza dos corpos ten ángulos que doen // corazón: fica imóbil”. A profesora Kathleen March sinalou no seu día a “sorprendente complexidade dos seus referentes” e un campo de batalla “entre Eros e Thanatos,

Apenas en cinco libros Pilar Pallarés construíu unha das xeografías más singulares da poesía galega actual. Radical, arrasada, indagadora, intimista e aberta ao outro, obra e autora son obxecto das honras da AELG como Escritora na súa Terra. DANIEL SALGADO TEXTO / DISTRITO XERMAR (AELG) FOTO

## Homenaxe á poeta da desposesión

# PALLARÉS, RADICAL INTIMISMO



liberdade e opresión, sensualidade e soiade, lingua e silencio". Arturo Casas lembra que, na *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* (Tris Tram) coordinada por el mesmo en 2003, foi "o cuarto libro de poemas máis considerado polas especialistas que participaron, case un centenar". Por diante, só títulos de Cunqueiro e Ferrín.

#### Sétima soiade

Antes das devoracións, Pallarés, que descubrira a lingua e a conciencia da mesma grazas a Moncho Valcarce, publicara o iniciático pero ainda á procura *Entre lusco e fusco* (Do Castro, 1980) e mais *Sétima soiade* (Sociedad de Cultura Valle-Inclán, 1984), co que consagrou a súa voz. "Naquel tempo falouse de

neorromanticismo, leuse noutra chave", relata a *Sermos* a profesora e crítica María Xesús Nogueira, "pero ese intimismo tan singular xa estaba aí, como estaba esa tensión do discurso, do verso, e ese mundo animal que creou". E que Nogueira relaciona con coetáneas como Xela Arias.

Foi a época en que Pallarés era a única poeta da súa promoción con certo relevo público. E a única muller do grupo De amor e desamor e da escolma *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega* (Sotelo Blanco, 1986), preparada por Luciano Rodríguez con evidente vontade canonizadora. "Foi ocupando espazo cunha obra importante, que enlazaba con autoras anteriores como María Mariño", di Teresa Seara, "esa actitude influiu moiísimo ás que viñeron despois dela". Casas coincide ao considerar o carácter de "excepción-muller" no canon inicial da poesía dos anos 80 e como ela mesma e a súa poesía contribuíron a rectificalo.

"A poética máis persoal de Pilar Pallarés consolídase a mediados dos 90, en certa medida polo propio fortalecemento dun discurso crítico feminista", di. De novo, o totémico *Livro das devoracións* marca a derrega. "Imperceptivelmente penso no teu corpo, /dédalo de metal", comeza o poema *Costafrediana*, que remata cun diáptico a xeito de máxima de vida: "Foi necesario arder, viver non tanto".

O seu relativamente demorado ritmo de publicación –eses cinco libros en 30 anos– explica os apenas dous títulos posteriores, *Leopardo son* e *Tempo fósil* (Chan da Pólvora, 2018). Antón Lopo encargouse da edición deste último, e relata a *Sermos* o proceso: "A elección de Pallarés para dar os primeiros pasos no

## fóradesaría

SERMOS GALIZA

27 / 6 / 2019

Chan semellaba case unha demostración de principios. Non só se trata da voz menos compracente da súa xeración, senón que os seus libros son luzadas de esixencia e intensidade emocional". Ademais dun orixinal seu, Lopo pedíralle unha antoloxía de poemas de Carvalho Calero, "o seu máis idolatrado profesor", a piques de se publicar.

O resultado, *Tempo fósil*, é, en palabras do editor, "un comprimido de recordos e de ósos desenterrados,

### A SÚA VIVENCIA TAN RADICAL DISTÍNGUEA. OS HOMES ESCRIBEN SOBRE O EROTISMO, PERO DUN XEITO COMPLETAMENTE DIFERENTE

de beleza inclemente". Cunha apertura inaudita ao colectivo, mais sempre desde o eu -entende Teresa Seara-, Pallarés investiga na memoria esnaquizada, na treboda de ruínas que chaman progreso. E que levou por diante a casa familiar en Alvedro. "Óllanos ao lonxe a caveira do pai / -feita de amor e mágoa. / Somos a tribo que se dispersou, / a que non soubo perpetuarse en xeracións / até reverter / no depósito do tempo", escribe.

Seara interpreta a imaxe do fósil como a conservación do pasado irrecuperábel, a infancia encistada, a través da palabra. "A poesía xestiona a perda", considera. A excelente recepción, Premio da Crítica incluído, confirmou un regreso que era novo e familiar a un tempo, e que lembraba á poesía galega actual unha proposta decisiva e insular como noutras coordenadas o foron Pizarnik ou Ingeborg Bachmann.

#### O seu rastro

"A poesía de Pallarés procura un complicado equilibrio entre unha voz centrada, asociada a unha suxbxectividade moi definida, e a documentación dun tempo indicio do que desaparece", explica Arturo Casas, para quen é difícil "concretar pontes entre a escrita da autora e outras posteriores". Talvez Luís Villalta, cita, mais era case coetánea. Nogueira, porén, si a conecta cos 90, de Lupe Gómez a Emma Pedreira, "por eses imaxinarios autónomos, pechados e poderosos", que detecta tamén nunha novísima como Lara Dopazo. Seara menciona Eva Veiga, autora do limiar de *Leopardo son*, pero prefirer referirse antes ás actitudes que ás temáticas. "como o dente gastado dunha máquina antiga, / unha tea que esgaza, unha serpe que esquece mudar de pel", di en *Tempo fósil*.